

Contratación

7

Capítulo 7. CONTRATACIÓN

7.1. introdución

O Estatuto dos traballadores establece no seu artigo 16 que os empresarios están obrigados a comunicar á oficina de emprego o contido dos contratos de traballo celebrados ou as prórrogas destes, deban ou non se formalizar por escrito, nos dez días seguintes á súa concertación. Se existe obriga de formalización escrita presentárase copia do contrato para o seu rexistro e se non existe a devandita obriga presentárase comunicación da contratación. No ámbito da Comunidade Autónoma Galega a comunicación realízase na rede de oficinas de emprego do Servizo de Emprego autonómico da Xunta de Galicia ou a través de Internet (Contrat@).

O rexistro no Servizo Público de Emprego non supón ningún pronunciamento sobre o contido do contrato, o feito de que o contrato teña asignado un número de rexistro non implica que o devandito contrato reúna todos os requisitos nin se axuste á legalidade.

As distintas modalidades de contratación que aparecen nas táboas estatísticas agrúpanse en: **contratos Iniciais**, cando se formaliza a relación laboral por primeira vez, **conversión en indefinidos** doutros contratos xa existentes de duración temporal, ou en **prórrogas** de contratos que finalizaron a duración inicial.

Contratos Iniciais:

1-Indefinido (bonificados/non bonificados): É o contrato concertado sen establecer límites de tempo á prestación de servizos con xornada a tempo completo, parcial ou fixo discontinuo (Lei 12/2001, Lei 43/2006, Lei 35/2010, Real decreto lei 10/2011, Real decreto lei 1/2011, Real decreto legislativo 2/2015).

2-Indefinido persoas con discapacidade: Contrato de duración indefinida dirixido á integración laboral de persoas con discapacidade e que pode ser de xornada completa ou a tempo parcial (RD 1451/1983, modificado por RD 4/1999, Lei 12/2001 e Lei 43/2006).

3-Obra ou servizo: Son os concertados para a realización de obras ou servizos determinados, en xornada completa ou parcial, na actividade da empresa e cuxa duración é temporal (art. 15 do Estatuto dos traballadores, RD 2720/1998, Lei 12/2001, Lei 35/2010, Lei 3/2012).

4-Eventual por circunstancias da produción: Contratos de duración temporal, en xornada completa ou parcial, para atender as esixencias circunstanciais do mercado (art. 15 do Estatuto dos traballadores, Lei 35/2010, Lei 3/2012).

5-Interinidade: Contrato de duración temporal para substituír unha persoa con dereito a reserva de posto, en xornada completa ou parcial (art. 15 do Estatuto dos traballadores, Real decreto lei 11/1998, RD 2720/1998, Lei 39/1999, Lei 12/2001, Lei 45/2002 e Lei orgánica 3/2007).

6-Temporal para persoas con discapacidade: Contrato temporal de doce meses a tres anos, con xornada completa ou parcial, para persoas con discapacidade (RD 1451/1983 e Lei 43/2006).

7-Relevo: Contrato de duración indefinida ou ata o momento da xubilación da persoa á que substitúe por xubilación parcial, con xornada parcial ou completa (Lei 14/2000, Lei 3/2012).

8-Xubilación parcial: Contrato de duración determinada e xornada parcial, complementario do de relevo, que se asina coa persoa que se xubila parcialmente (Lei 12/2001, Lei 40/2007).

9-Contrato de substitución por xubilación aos 64 anos: Para persoas desempregadas que substitúan outras persoas traballadoras que anticipan a idade de xubilación nun ano (RD 1194/1985, Lei 14/2000, Lei 12/2001, Lei 27/2011, Lei 3/2012).

10-Contrato en prácticas: Destinados a completar a formación de persoas con títulos universitarios ou de formación profesional. Son contratos de duración temporal, con xornada a tempo parcial ou completa, indistintamente (art. 11 do Estatuto dos traballadores, RD 488/1998, Lei 35/2010, Lei 3/2012).

11-Contrato para a formación e a aprendizaxe (formación): Destinado a mozas e mozos de 16 a 24 anos (ata o 31 de decembro de 2013, que a taxa de desemprego sexa inferior ao 15%, pódese celebrar con persoas de ata 30 anos), para a adquisición da cualificación necesaria para o desempeño dun oficio ou posto de traballo concreto (art. 11 do Estatuto dos traballadores, Lei 3/2012, RD 1529/2012).

12-Outros contratos: Son os rexistrados pertencentes a modalidades non especificadas anteriormente e/ou pertencentes a réximes especiais de contratación, tales como os de artistas, servizo doméstico, mercantís, etc. Inclúense tamén os contratos que, pertencendo ou presentándose segundo as modalidades existentes, presentan algún defecto formal ou incumpren algún requisito básico no momento da súa introdución na base de datos, permanecendo neste apartado estatisticamente aínda que con posterioridade fosen emendados os seus defectos de forma.

Contratos convertidos en indefinidos

Son aqueles que ao abeiro da normativa en vigor, son transformados en indefinidos. Estas transformacións non se suman aos contratos a cuxa modalidade corresponden porque nese caso se produciría unha duplicidade, posto que o contrato de orixe xa foi contabilizado no seu día. Estes contratos son:

- De obra ou servizo determinado
- Eventual por circunstancias da produción
- De interinidade
- Temporal de persoas con discapacidade
- De substitución por xubilación aos 64 anos
- En prácticas
- De relevo
- De formación
- Outros contratos

Prórrogas

Algúns contratos de duración temporal, unha vez finalizada a súa duración inicial, poden prorrogarse. O número de prórrogas que admite un contrato depende da súa tipoloxía. Son as seguintes:

- De obra ou servizo determinado
- Eventual por circunstancias da produción
- De interinidade
- Temporal persoas con discapacidade
- De substitución por xubilación aos 64 anos
- En prácticas
- De relevo
- De formación
- Xubilación parcial

No cadro 7.1, que recolle os contratos de traballo e os contratos convertidos en indefinidos Galicia/España 2016-2017, pódese observar que medra o número total de contratos en 2017 respecto do ano anterior nun millón catrocentos mil contratos no conxunto do Estado e en setenta e dous mil contratos mais en Galicia. Este

incremento obsérvase principalmente nos contratos por obra e nos contratos eventuais.

Cadro 7.1

Contratos de traballo, contratos convertidos en indefinidos e adscricións colaboración social.
Galicia/España. 2016-2017

	Total España 2016	%	Total Galicia 2016	%	Total España 2017	%	Total Galicia 2017	%
Indefinido ordinario (bonificados/non bonificados)	1.121.350	5,78	42.162	4,37	1.232.127	5,92	46.726	4,73
Indefinido fomento da contratación indefinida								
Persoa con discapacidade	9.886	0,05	575	0,06	10.678	0,05	685	0,07
Obra ou servizo	7.715.112	39,77	310.498	32,15	8.278.306	39,77	327.747	33,18
Eventual	8.641.593	44,55	440.925	45,66	9.412.876	45,22	498.981	50,52
Interinidade	1.591.346	8,20	93.611	9,69	1.563.147	7,51	89.554	9,07
Temporal discapacitado	22.657	0,12	1.310	0,14	25.300	0,12	1.451	0,15
Relevo	15.537	0,08	784	0,08	15.487	0,07	855	0,08
Xubilación parcial	29.287	0,15	1.556	0,16	31.180	0,15	1.814	0,18
Substitución xubilación 64 anos	783	0,00	23	0,00	739	0,00	13	0,00
Prácticas	97.403	0,50	6.134	0,64	103.383	0,50	6.029	0,61
Formación	46.384	0,24	3.550	0,37	48.317	0,23	3.189	0,32
Outros	105.590	0,54	14.500	1,50	93.318	0,45	10.536	1,07
Total contratos iniciais	19.396.928	100,0	915.628	100,0	20.814.858	100,0	987.580	100,0
Convertidos en indefinidos	582.026				686.445		24.167	
Adscrición en colaboración social	3.418				1.620		219	
Total contratos e adscricións	19.982.372		915.628		21.502.923		1.011.966	

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2017.

Nunha primeira observación podemos apreciar que continúa a tendencia de anos anteriores dunha gran rotación da poboación ocupada asalariada con contratos temporais. Por provincias, A Coruña é a provincia na que máis medra a contratación, seguida de Pontevedra, e nas catro provincias increméntase en maior proporción a contratación temporal que a indefinida.


Cadro 7.2

Total contratos de traballo. Por provincias. Galicia. 2016-2017


Tipo de contrato	A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	2016	2017	2016	2017	2016	2017	2016	2017	2016	2017
Duración temporal:										
Obra	140.271	149.514	27.244	28.635	28.091	27.737	114.892	121.861	310.498	327.747
Eventual	165.952	189.152	51.045	56.698	28.016	31.591	195.912	221.540	440.925	498.981
Interinidade	44.147	42.321	11.504	10.836	7.584	7.647	30.376	28.750	93.611	89.554
Temporal persoas discapacidade	506	556	130	163	97	125	577	607	1.310	1.451
Relevo	287	353	97	98	76	87	324	317	784	855
Xubilación parcial	625	788	237	264	118	145	576	617	1.556	1.814
Substitución	1	1	0	1	1	1	21	10	23	13
Prácticas	2.716	2.621	599	567	469	480	2.350	2.361	6.134	6.029
Formación	1.235	1.049	509	509	605	575	1.201	1.056	3.550	3.189
Outros	5.666	4.837	2.043	1.352	1.080	809	5.711	3.538	14.500	10.536
Duración indefinida:										
Indefinido ordinario	19.463	22.110	5.415	5.792	3.958	4.097	13.326	14.727	42.162	46.726
Indefinido fomento de emprego	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
Persoas con discapacidade	263	294	77	93	44	64	191	234	575	685
Total contratos	381.132	413.596	98.900	105.008	70.139	73.358	365.457	395.618	915.628	987.580

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2017.

Distribución do total de contratos en Galicia. 2017



Evolución do total de contratos en Galicia



Se tomamos o sector económico como punto de comparación observamos que, como é de esperar, é o sector servizos o que concentra a maior parte das contratacións e onde maior incremento se produce, seguido a moita distancia pola industria, a construción, (sector no que diminuíu a contratación en 2017) e no último lugar de volume de contratos rexistrados encontramos á agricultura.

Cadro 7.3

Contrato de traballo por tipo e por sector. Galicia 2016

	Agricultura	Industria	Construción	Servizos	Total
Indefinido ordinario	4.014	3.900	3.011	31.237	42.162
Indefinido persoas con discapacidade	13	67	30	465	575
Obra ou servizo	17.364	55.918	29.430	207.786	310.498
Eventual circunstancias produción	6.093	61.635	10.895	362.302	440.925
Interinidade	1.125	10.334	363	81.789	80.822
Temporal persoas con discapacidade	27	213	62	1.008	1.310
Relevo	0	176	28	580	784
Xubilación parcial	8	529	79	940	1.556
Substitución xubilación 64 anos	0	0	0	23	23
Prácticas	21	919	382	4.812	6.134
Formación	10	131	86	3.323	3.550
Outros contratos	10	41	84	14.365	14.500
Galicia	28.685	133.863	44.450	708.630	902.839

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2016.

Cadro 7.3 bis

Contrato de traballo por tipo e por sector. Galicia 2017

	Agricultura	Industria	Construción	Servizos	Total
Indefinido ordinario	4.033	4.475	4.055	34.163	46.726
Indefinido persoas con discapacidade	21	67	45	552	685
Obra ou servizo	18.293	60.560	27.505	221.389	327.747
Eventual circunstancias produción	7.302	73.409	11.266	407.004	498.981
Interinidade	1.124	8.680	360	79.390	89.554
Temporal persoas con discapacidade	29	269	76	1.077	1.451
Relevo	3	161	23	668	855
Xubilación parcial	16	652	84	1.062	1.814
Substitución xubilación 64 anos	0	0	0	13	13
Prácticas	26	939	393	4.671	6.029
Formación	3	112	64	3.010	3.189
Outros contratos	3	26	22	10.485	10.536
Galicia	30.853	149.350	43.893	763.484	987.580

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2017.

Por actividade económica, a hostalaría e a industria manufactureira son as dúas actividades nas que mais contratación se produce nos dous anos, o que se corresponde co dato de que por grupo principal de ocupación, o maior volume de contratación se dá no grupo de persoal do servizo de restauración e comercio.

Cadro 7.4

Contratos de traballo iniciais segundo sección de actividade económica. Por provincias. Ano 2016

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
A. Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	9.017	5.586	2.710	11.372	28.685
B. industrias extractivas	136	145	234	149	664
C. Industria manufactureira	40.063	7.888	9.683	70.830	128.464
D. Suministro de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	267	9	6	110	392
E. Suministro de auga, actividades de saneamento, xestión residuos e descontaminación	2.153	315	237	1.638	4.343
F. Construción	20.825	3.608	3.771	16.246	44.450
G. Comercio por xunto e polo miúdo; reparación de vehículos de motor e motocicletas	48.977	10.716	8.617	36.481	104.791
H. Transporte e almacenamento	26.417	5.427	3.635	50.457	85.936
I. Hostalaría	80.313	29.005	16.234	79.013	204.565
J. Información e comunicacións	8.995	699	379	4.565	14.638
K. Actividades financeiras e de seguros	2.027	611	419	1.584	4.641
L. Actividades inmobiliarias	400	101	66	479	1.046
M. Actividades profesionais, científicas e técnicas	14.010	1.271	1.104	8.215	24.600
N. Actividades administrativas e servizos auxiliares	40.276	7.934	4.295	24.446	76.951
O. Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria	7.100	3.651	3.093	6.475	20.319
P. Ensino	13.160	2.954	3.282	11.427	30.823
Q. Actividades sanitarias e de servizos sociais	20.557	5.647	5.502	13.277	44.983
R. Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	27.949	10.012	3.592	19.061	60.614
S. Outros servizos	14.068	1.616	1.718	6.665	24.067
T. Activ. dos fogares como empregadores de persoal doméstico e como produtores de bens e servizos para uso propio	4.397	1.705	1.545	2.917	10.564
U. Actividades de organizacións e organismos extraterritoriais...	25	0	17	50	92
#####	98.900	70.139	365.457	915.628	

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2016.

Cadro 7.4 bis

Contratos de traballo iniciais segundo sección de actividade económica. Por provincias. Ano 2017

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
A. Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	9.194	6.490	3.028	12.141	30.853
B. industrias extractivas	160	193	198	120	671
C. Industria manufacturera	45.679	8.009	10.843	79.922	144.453
D. Suministro de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	247	9	18	61	335
E. Suministro de auga, actividades de saneamento, xestión residuos e descontaminación	2.254	278	205	1.154	3.891
F. Construción	20.678	3.356	3.817	16.042	43.893
G. Comercio por xunto e polo miúdo; reparación de vehículos de motor e motocicletas	54.921	11.159	8.506	38.129	112.715
H. Transporte e almacenamento	27.772	6.108	3.777	52.620	90.277
I. Hostalaría	91.218	32.087	17.274	88.137	228.716
J. Información e comunicacións	12.229	612	552	4.396	17.789
K. Actividades financeiras e de seguros	2.376	622	532	1.734	5.264
L. Actividades inmobiliarias	471	61	32	449	1.013
M. Actividades profesionais, científicas e técnicas	14.403	1.532	1.226	8.884	26.045
N. Actividades administrativas e servizos auxiliares	41.556	7.398	4.451	26.616	80.021
O. Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria	7.027	3.951	3.089	6.566	20.633
P. Ensino	13.682	3.474	3.196	11.896	32.248
Q. Actividades sanitarias e de servizos sociais	20.897	5.734	5.348	13.985	45.964
R. Actividades artísticas, recreativas e entretemento	31.526	10.701	3.662	22.652	68.541
S. Outros servizos	12.544	1.581	1.974	6.891	22.990
T. Activ. dos fogares como empregadores de persoal doméstico e como produtores de bens e servizos para uso propio	4.695	1.653	1.515	3.137	11.000
U. Actividades de organizacións e organismos extraterritoriais	67	0	115	86	268
	73.358	395.618	987.580		

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2017.

Cadro 7.5

Contratos de traballo iniciais segundo grupo principal de ocupación do posto. Por provincias. Ano 2016

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
A. Directivos/as e xerentes	675	147	140	614	1.576
B. Técnicos/as e profesionais da saúde e o ensino	13.779	3.425	3.360	12.616	33.180
C. Outros/as técnicos/as, científicos/as e intelectuais	21.677	4.895	2.697	14.821	44.090
D. Técnicos/as profesionais de apoio	30.682	5.808	4.673	22.983	64.146
E. Empregados/as oficina non públicos	11.782	2.330	2.513	9.283	25.908
F. Empregados/as oficina públicos	11.309	1.731	1.621	10.526	25.187
G. Traballadores/as do servizo de restauración e comercio	97.077	35.185	19.643	82.854	234.759
H. Traballadores/as dos servizos de saúde	24.400	5.959	5.804	18.322	54.485
I. Traballadores/as dos servizos de protección e seguridade	4.046	1.094	762	2.862	8.764
J. Traballadores/as cualificados/as na agricultura e gandería	3.805	1.962	484	5.079	11.330
K. Traballadores/as cualificados/as na construción	14.027	2.182	2.443	12.316	30.968
L. Traballadores/as cualificados/as das industrias manufacteiras	29.025	4.411	3.145	22.168	58.749
M. Operadores/as de instalacións industriais de maquinaria	9.338	1.172	2.853	9.861	23.224
N. Condutores/as e operadores/as de maquinaria móbil	13.193	5.773	4.093	19.106	42.165
O. Traballadores/as non cualificados/as en servizos, agás transportes	45.816	12.258	7.834	37.149	103.057
P. Peóns/onas de agricultura, pesca, construción, industria manufacturera	50.492	10.567	8.067	84.885	154.011
Q. Forzas armadas	9	1	7	12	29
Total	381.132	98.900	70.139	365.457	915.628

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2016.

Cadro 7.5 bis

Contratos de traballo iniciais segundo grupo principal de ocupación do posto. Por provincias. Ano 2017

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
A. Directivos/as e xerentes	810	169	125	581	1.685
B. Técnicos/as e profesionais da saúde e o ensino	14.059	3.548	3.070	12.644	33.321
C. Outros/as técnicos/as, científicos/as e intelectuais	26.888	5.508	2.400	16.527	51.323
D. Técnicos/as profesionais de apoio	34.165	6.273	5.041	24.389	69.868
E. Empregados/as oficina non públicos	11.629	2.422	2.500	9.630	26.181
F. Empregados/as oficina públicos	12.051	2.072	1.762	13.273	29.158
G. Traballadores/as do servizo de restauración e comercio	107.620	37.198	20.735	91.091	256.644
H. Traballadores/as dos servizos de saúde	25.733	6.114	5.890	19.735	57.472
I. Traballadores/as dos servizos de protección e seguridade	5.092	1.260	878	3.139	10.369
J. Traballadores/as cualificados/as na agricultura e gandaría	3.368	2.390	601	5.449	11.808
K. Traballadores/as cualificados/as na construción	114.295	2.059	2.268	12.158	130.780
L. Traballadores/as cualificados/as das industrias manufactureras	30.418	4.686	3.058	26.527	64.689
M. Operadores de instalacións industriais de maquinaria	10.316	1.406	3.679	10.307	25.708
N. Condutores/as e operadores/as de maquinaria móbil	14.889	6.281	4.174	20.569	45.913
O. Traballadores/as non cualificados/as en servizos, agás transportes	49.630	12.287	8.597	39.039	109.553
P. Peóns/onas de agricultura, pesca, construción, industria manufacturera	52.616	11.333	8.577	90.541	163.067
Q. Forzas armadas	17	2	3	19	41
Total	513.596	#####	73.358	395.618	1.087.580

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2017.

7.2. Modalidades contractuais

A continuación analizaremos o comportamento dos contratos tendo en conta o sexo, idade, duración do contrato e tipo de xornada.

7.2.1. Contrato eventual por circunstancias da produción

Contrato de duración temporal, en xornada completa ou parcial.

O obxecto deste contrato é atender ás esixencias do mercado, acumulación de tarefas ou exceso de pedidos, aínda tratándose da actividade normal da empresa (art. 15.1.b de ET, Lei 35/2010 e Lei 3/2012).

Rexistráronse en Galicia 498.981 contratos eventuais en 2017 fronte aos 440.925 en 2016.

Esta modalidade contractual segue sendo a máis utilizada representando o 45,22% a nivel estatal en 2017 (44,55% en 2016) e o 50,52% dos contratos iniciais subscritos en Galicia. Subscribíronse en Galicia 498.981 contratos fronte aos 440.925 do ano 2016, confirmando a tendencia á alza deste contrato nos últimos anos.

Segundo a actividade económica foi utilizado no sector da agricultura nun 23,66%, na industria un 49,15%, na construción un 25,66% e no sector servizos un 53,31%.

Por sexo contratouse a un 51,21% dos homes fronte a 48,79% das mulleres.

Tendo en conta sexo e grupo de idade, os homes son máis contratados no grupo 30 a 39 anos (78.775 en 2017) seguido do tramo dos >45 (53.446), e no caso das mulleres dáse unha situación similar, 68.696 no grupo de 30 a 39 anos e 52.529 para as >45

anos. Desprázase nos dous anos o segundo posto, que en anos anteriores correspondía ao grupo de 25-29 anos.


Cadro 7.6

Contratos eventuais por circunstancias da produción. Segundo sexo, idade e provincia. Galicia. 2016

	Homes					Mulleres					Total
	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	
A Coruña	14.109	15.126	26.304	9.569	16.041	17.799	16.077	24.907	9.710	16.310	165.952
Lugo	5.034	4.693	8.080	3.100	5.654	5.034	4.668	7.327	2.692	4.763	51.045
Ourense	2.533	2.658	4.714	1.674	2.584	2.676	2.613	4.311	1.608	2.645	28.016
Pontevedra	16.327	18.029	34.942	14.042	20.600	15.186	16.077	27.362	13.086	20.261	195.912
Galicia	38.003	40.506	74.040	28.385	44.879	40.695	39.435	63.907	27.096	43.979	440.925

Fonte: SEPE. Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2016.

Distribución por grupos de idade en ambos sexos




cuadro 7.6 bis

Contratos eventuais por circunstancias da produción. Segundo sexo, idade e provincia. Galicia. 2017

	Homes					Mulleres					Total
	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	
A Coruña	17.029	16.771	28.113	10.934	19.117	21.080	18.421	26.786	11.605	19.296	189.152
Lugo	6.052	5.266	8.533	3.479	6.608	5.330	5.064	7.897	2.910	5.559	56.698
Ourense	2.746	2.593	5.372	2.003	3.278	2.779	2.872	4.688	1.859	3.401	31.591
Pontevedra	19.420	20.238	36.757	16.063	24.443	17.942	18.090	29.325	14.989	24.273	221.540
Galicia	45.247	44.868	78.775	32.479	53.446	47.131	44.447	68.696	31.363	52.529	498.981

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2017.

Distribución por grupos de idade en ambos sexos



Tendo en conta a duración, son os inferiores a 1 mes, con 346.473 contratos no 2017 e 302.094 en 2016 os máis concertados, seguidos de 1 a 3 meses con 89.297 e 83.824, respectivamente, os de 3 a 6 meses con 53.071 e 46.343 e, por último con escasa representación, os concertados por un tempo superior a 6 meses con 10.140 e 8.637 en 2017 e 2016, respectivamente. Estas cifras reflicten un aumento nos de duración inferior a 1 mes, quedando de manifesto a gran rotación laboral que se produce na Comunidade Galega cunha elevada porcentaxe de contratos eventuais e dentro deles o 69,44% en 2017 teñen unha duración inferior a 1 mes.

Cadro 7.7

Contratos eventuais por circunstancias da produción.
Por duración e provincias. Galicia. 2016

	Duración				Total
	<= 1 mes	>1a <=3 meses	>3 a <=6 meses	>6 meses	
A Coruña	108.536	34.199	19.585	3.632	165.952
Lugo	34.587	9.498	5.802	1.158	51.045
Ourense	15.111	7.180	4.975	750	28.016
Pontevedra	143.860	32.947	15.981	3.097	195.885
Galicia	302.094	83.824	46.343	8.637	440.898

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2016.

Cadro 7.7 bis

**Contratos eventuais por circunstancias da produción.
Por duración e provincias. Galicia. 2017**

	Duración				Total
	<= 1 mes	>1a <=3 meses	>3 a <=6 meses	>6 meses	
A Coruña	128.188	35.117	21.761	4.086	189.152
Lugo	38.961	9.622	6.813	1.302	56.698
Ourense	17.515	8.064	5.248	764	31.591
Pontevedra	161.809	36.494	19.249	3.988	221.540
Galicia	346.473	89.297	53.071	10.140	498.981

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2017.

A variable xornada sen diferenciación por sexos mostra unha porcentaxe do 59,87% para a xornada completa e un 41,13% para a xornada a tempo parcial (57,36% e 42,64% en 2016). Se temos en conta a variable sexo, un 32,43% dos contratos efectuados a homes son a xornada parcial e un 51,84% dos efectuados a mulleres teñen a mesma xornada, sendo o sexto ano consecutivo no que é maior o número de contratos parciais realizados a mulleres que os concertados con homes. Se a xornada é completa, a contratación no caso dos homes foi de 67,57% e dun 48,16% no das mulleres, poñendo de manifesto un uso maior da parcialidade na contratación feminina, aínda que nestes dous anos o aumento se dá nos dous grupos.

Cadro 7.8

**Contratos eventuais por circunstancias da produción.
Por sexo, tipo de xornada e provincias. Galicia. 2016**

	Homes			Mulleres			Total		
	Total	Parcial	Completa	Total	Parcial	Completa	Total	Parcial	Completa
A Coruña	81.149	34.459	46.690	84.803	52.343	32.460	165.952	86.802	79.150
Lugo	26.561	8.637	17.924	24.484	12.297	12.187	51.045	20.934	30.111
Ourense	14.163	4.624	9.539	13.853	7.296	6.557	28.016	11.920	16.096
Pontevedra	103.940	25.170	78.770	91.972	43.151	48.821	195.912	68.321	127.591
Galicia	225.813	72.890	152.923	215.112	115.087	100.025	440.925	187.977	252.948

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2016.

Cadro 7.8 bis

**Contratos eventuais por circunstancias da produción.
Por sexo, tipo de xornada e provincias. Galicia. 2017**

	Homes			Mulleres			Total		
	Total	Parcial	Completa	Total	Parcial	Completa	Total	Parcial	Completa
A Coruña	91.964	39.547	52.417	97.188	59.707	37.481	189.152	99.254	89.898
Lugo	29.938	9.547	20.391	26.760	13.201	13.559	56.698	22.748	33.950
Ourense	15.992	4.849	11.143	15.599	7.953	7.646	31.591	12.802	18.789
Pontevedra	116.921	28.680	88.241	104.619	45.730	58.889	221.540	74.410	147.130
Galicia	254.815	82.623	172.192	244.166	126.591	117.575	498.981	209.214	289.767

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2017.

7.2.2. Contrato de obra ou servizo

É aquel que se concerta para a realización dunha obra ou a prestación dun servizo, en xornada completa ou parcial, con autonomía e substantividade propia dentro da actividade na empresa, aínda tratándose da actividade habitual, e cuxa duración, aínda que limitada no tempo, é incerta (art. 15.1 a ET, 2.1 RD 2720/1998, Lei 12/2001, Lei 35/2010 e Lei 3/2012).

No ano 2017 rexistráronse en Galicia 327.747 contratos por obra ou servizo fronte aos 310.498 en 2016 e fronte aos 498.981 contratos eventuais por circunstancias da produción, que continúan en primeiro lugar igual que en anos anteriores. No total de España representaron o 39,77% da contratación en 2017 e o 33,18% en Galicia.

Segundo a actividade económica foi utilizado no sector da agricultura nun 59,29%, na industria un 40,55%, na construción un 62,66% e no sector servizos un 29%.

Tendo en conta a variable sexo, no caso dos homes concertáronse un 59,56% e no das mulleres un 40,44%. A maior cifra relativa de contratación de homes realízase no grupo de idade de 30 a 39 anos con 59.763 e en >45 anos 52.582. No caso das mulleres as cifras son inferiores, con 33.397 no grupo de 30 a 39 anos e 32.371 no grupo >45 anos.


Cadro 7.9

Contratos de obra ou servizo. Por sexo, idade e provincia. Galicia. 2016

	Homes					Mulleres					Total
	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	
A Coruña	10.345	12.581	27.991	11.375	19.719	9.026	9.837	18.700	7.771	12.926	140.271
Lugo	2.661	2.469	4.852	1.921	3.815	1.874	2.174	3.648	1.384	2.446	27.244
Ourense	2.513	2.794	4.996	2.220	4.221	1.680	1.974	3.535	1.390	2.768	28.091
Pontevedra	8.022	9.992	22.758	10.751	18.933	6.141	6.962	13.858	6.203	11.272	114.892
Galicia	23.541	27.836	60.597	26.267	46.688	18.721	20.947	39.741	16.748	29.412	310.498

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2016.

Distribución por grupos de idade en ambos sexos




cuadro 7-9 bis

Contratos de obra ou servizo. Por sexo, idade e provincia. Galicia. 2017

	Homes					Mulleres					Total
	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	
A Coruña	11.063	13.307	28.164	12.617	22.895	9.894	10.076	18.802	8.350	14.346	149.514
Lugo	2.786	2.563	4.831	1.919	4.259	2.116	2.276	3.553	1.472	2.860	28.635
Ourense	2.539	2.705	4.612	2.139	4.257	1.692	1.977	3.309	1.612	2.895	27.737
Pontevedra	9.340	10.762	22.156	11.152	21.171	6.609	7.640	14.064	6.697	12.270	121.861
Galicia	25.728	29.337	59.763	27.827	52.582	20.311	21.969	39.728	18.131	32.371	327.747

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2017.

Distribución por grupos de idade en ambos sexos



Se temos en conta a duración do contrato, son os de duración incerta ou indeterminada os que representan unha maior porcentaxe, cun 77,01% en 2017 e un 76,95% en 2016, o que parece lóxico dada a non obrigatoriedade e o carácter orientativo da data de fin de contrato. O 14,77% en 2017 e o 14,89% en 2016, concertáronse por unha duración igual ou inferior a 7 días e o 2,21% en 2017 e o 2,47% en 2016 por un período entre 1 e 3 meses.

Cadro 7.10

Contratos de obra ou servizo. Por duración e provincia. Galicia. 2016

	Duración en meses										Total
	<=7 días	>7 a <=15 días	>15 días a <=1 mes	>1 a <=3 meses	>3 a <=6 meses	>6 a <=12 meses	>12 a <=18 meses	>18 a <=24 meses	>24 meses	indeterminada	
A Coruña	22.821	1.172	1.305	2.945	2.371	1.870	58	30	74	107.625	10.334
Lugo	5.487	374	255	1.087	722	765	13	13	34	18.494	1.503
Ourense	4.061	345	252	1.433	751	841	6	12	21	20.369	1.571
Pontevedra	13.879	1.001	954	2.210	1.968	2.181	61	67	128	92.443	7.968
Galicia	46.248	2.892	2.766	7.675	5.812	5.657	138	122	257	238.931	310.498

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2016.

Cadro 7.10 bis

Contratos de obra ou servizo. Por duración e provincia. Galicia. 2017

	Duración en meses										Total
	<=7 días	>7 a <=15 días	>15 días a <=1 mes	>1 a <=3 meses	>3 a <=6 meses	>6 a <=12 meses	>12 a <=18 meses	>18 a <=24 meses	>24 meses	indeterminada	
A Coruña	24.962	1.106	1.593	2.835	2.324	2.376	200	50	271	113.797	149.514
Lugo	5.469	492	494	1.097	623	1.048	90	21	35	19.266	28.635
Ourense	3.784	295	374	1.308	593	1.056	49	8	17	20.253	27.737
Pontevedra	14.205	895	1.212	2.032	1.592	2.394	156	59	220	99.096	121.861
Galicia	48.420	2.788	3.673	7.272	5.132	6.874	495	138	543	252.412	327.747

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2017.

Nesta modalidade contractual dáse unha porcentaxe de xornada a tempo completo, co 66,46%, fronte a un 33,54% de contratos a tempo parcial no ano 2017. Se a esta variable lle unimos a variable sexo, apréciase no caso dos homes un 76,42% para a

xornada completa e un 23,58% para a parcial. Nas contratacións a mulleres séguese a tendencia xeral dunha maior contratación parcial neste colectivo con respecto aos homes supoñendo un 51,78% de xornada completa e un 48,22% de parcial, o que supón un aumento en 2017 con respecto ao ano anterior de 1,9 puntos.

Cadro 7.11

Contratos por obra ou servizo. Por sexo, tipo de xornada e provincia. Galicia. 2016

	Homes			Mulleres			Total		
	Total	Parcial	Completa	Total	Parcial	Completa	Total	Parcial	Completa
A Coruña	82.011	20.056	61.955	58.260	28.319	29.941	140.271	48.375	91.896
Lugo	15.718	4.278	11.440	11.526	6.262	5.264	27.244	10.540	16.704
Ourense	16.744	5.148	11.596	11.347	6.549	4.798	28.091	11.697	16.394
Pontevedra	70.456	15.612	54.844	44.436	21.149	23.287	114.892	36.761	78.131
Galicia	184.929	45.094	139.835	125.569	62.279	63.290	310.498	107.373	203.125

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2016.

Cadro 7.11 bis

Contratos por obra ou servizo. Por sexo, tipo de xornada e provincia. Galicia. 2017

	Homes			Mulleres			Total		
	Total	Parcial	Completa	Total	Parcial	Completa	Total	Parcial	Completa
A Coruña	149.514	21.460	66.586	61.468	29.342	32.126	149.514	50.802	98.712
Lugo	28.635	4.166	12.192	12.277	6.377	5.900	28.635	10.543	18.092
Ourense	27.737	5.116	11.136	11.485	6.733	4.752	27.737	11.849	15.888
Pontevedra	121.861	15.293	59.288	47.280	21.434	25.846	121.861	36.727	85.134
Galicia	327.747	46.035	149.202	132.510	63.886	68.624	327.747	109.921	217.826

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2017.

7.2.3. Contrato de interinidade

Este contrato ten por obxecto substituír unha persoa con dereito a reserva do posto de traballo, en xornada completa e parcial, ou para cubrir temporalmente un posto de traballo durante un proceso de selección ou promoción, para a súa cobertura definitiva, así como para substituír a unha persoa traballadora en formación por outra beneficiaria de prestación por desemprego (art. 15.1 c ET, art.4.1 de RD 2720/1998, Lei 39/1999, Lei 12/2001, Lei 45/2002 e Lei orgánica 3/2007).

En 2017 rexistráronse en Galicia 89.557 contratos de interinidade fronte aos 93.611 de 2016.

Esta modalidade supuxo en 2017 un 9,07% dos contratos iniciais (7,51% en España) fronte ao 9,69% e 8,20%, respectivamente, do ano 2016. Mantense a tendencia de anos anteriores onde a contratación feminina é moi superior en 2017 cun 71,38% (70,98% o ano anterior), fronte a un 28,62% de homes.


Cadro 7.12

Contratos de interinidade. Por sexos, idade e provincia. Galicia. 2016

	Homes					Mulleres					Total
	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	
A Coruña	1.324	2.168	4.289	1.801	2.563	2.606	4.567	9.643	5.123	10.063	44.147
Lugo	423	524	1.092	348	663	752	1.304	2.336	1.336	2.726	11.504
Ourense	229	379	703	260	444	420	800	1.744	860	1.745	7.584
Pontevedra	853	1.838	3.752	1.531	2.142	1.800	3.298	6.285	3.073	5.804	30.376
Galicia	2.829	4.909	9.836	3.940	5.812	5.578	9.969	20.008	10.392	20.338	93.611

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2016.

Distribución por grupos de idade en ambos sexos




Cadro 7.12 bis

Contratos de interinidade. Por sexos, idade e provincia. Galicia. 2017

	Homes					Mulleres					Total
	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	
A Coruña	1.383	2.186	3.852	1.663	2.805	2.493	4.571	8.699	4.435	10.234	42.321
Lugo	315	442	1.008	326	577	697	1.180	2.241	1.099	2.951	10.836
Ourense	257	403	607	248	564	470	808	1.732	818	1.740	7.647
Pontevedra	942	1.536	2.989	1.313	2.209	1.830	3.227	5.903	2.805	5.996	28.750
Galicia	2.897	4.567	8.456	3.550	6.155	5.490	9.786	18.575	9.157	20.921	89.554

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2017.

Distribución por grupos de idade en ambos sexos



Segundo a actividade económica foi utilizado no sector da agricultura nun 3,64% en 2017 e 3,92% en 2016, na industria un 5,81% en 2017 e un 7,71% en 2016, na

construción un 0,74% en 2017 e un 0,76% en 2016 e no sector servizos un 12,45% en 2017 e 13,22% en 2016.

Ao descoñecerse en moitos casos a data de finalización da reserva de posto, duración do proceso de selección, o contrato concértase por unha duración indeterminada nun 58,14% dos casos en 2017 e nun 56,07% en 2016. Os menores de 7 días supoñen en 2017 un 19,59% e os que duran entre 15 días e un mes, un 7,46%.

Cadro 7.13

Contratos de interinidade. Por duración e provincias. Galicia. 2016

	Duración en meses										Total
	<=7 días	>7 a <=15 días	>15 días a <=1 mes	>1 a <=3 meses	>3 a <=6 meses	>6 a <=12 meses	>12 a <=18 meses	>18 a <=24 meses	>24 meses	Indeterminados	
A Coruña	12.446	3.779	3.498	1.838	1.023	174	13	4	25	21.347	44.147
Lugo	2.672	1.085	868	432	267	31	3	1	1	6.144	11.504
Ourense	1.186	524	522	374	166	39	4	4	1	4.764	7.584
Pontevedra	3.429	2.155	2.059	1.460	822	203	8	1	3	20.236	30.376
Galicia	19.733	7.543	6.947	4.104	2.278	447	28	10	30	52.491	93.611

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2016.

Cadro 7.13 bis

Contratos de interinidade. Por duración e provincias. Galicia 2017

	Duración en meses										Total
	<=7 días	>7 a <=15 días	>15 días a <=1 mes	>1 a <=3 meses	>3 a <=6 meses	>6 a <=12 meses	>12 a <=18 meses	>18 a <=24 meses	>24 meses	Indeterminados	
A Coruña	10.826	3.616	3.264	1.792	955	178	7	3	23	21.657	42.321
Lugo	2.333	1.080	854	391	270	25	2	0	1	5.880	10.836
Ourense	1.228	526	568	357	190	57	2	2	2	4.715	7.647
Pontevedra	3.158	1.763	1.994	1.046	787	160	11	4	11	19.816	28.750
Galicia	17.545	6.985	6.680	3.586	2.202	420	22	9	37	52.068	89.554

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2017.

Tendo en conta a variable xornada, os celebrados a xornada completa supoñen un 68,11% en 2017 e un 31,89% os que foron a tempo parcial, cifras moi semellantes ás de 2016. Seguindo a tendencia da maior parte das contratacións, son as mulleres as que máis contratos celebran a tempo parcial (36,82%), fronte ao colectivo de homes (18,76%) aínda que se produce un aumento da parcialidade nos dous grupos.

Cadro 7.14

Contratos de interinidade. Por sexo, tipo de xornada e provincia. Galicia. 2016

	Homes			Mulleres			Total		
	Total	Parcial	Completa	Total	Parcial	Completa	Total	Parcial	Completa
A Coruña	12.145	2.135	10.010	32.002	10.944	21.058	44.147	13.079	31.068
Lugo	3.050	387	2.663	8.454	3.324	5.130	11.504	3.711	7.793
Ourense	2.015	364	1.651	5.569	1.856	3.713	7.584	2.220	5.364
Pontevedra	10.116	1.985	8.131	20.260	8.139	12.121	30.376	10.124	20.252
Galicia	27.326	4.871	22.455	66.285	24.263	42.022	93.611	29.134	64.477

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2016.

Cadro 7.14 bis**Contratos de interinidade. Por sexo, tipo de xornada e provincia. Galicia. 2017**

	Homes			Mulleres			Total		
	Total	Parcial	Completa	Total	Parcial	Completa	Total	Parcial	Completa
A Coruña	11.889	2.264	9.625	30.972	11.040	19.932	42.321	13.304	29.017
Lugo	2.668	337	2.331	8.168	3.080	5.088	10.836	3.417	7.419
Ourense	2.079	336	1.743	5.568	1.678	3.890	7.647	2.014	5.633
Pontevedra	8.989	1.871	7.118	19.761	7.945	11.816	28.750	9.816	18.934
Galicia	25.625	4.808	20.817	64.469	23.743	40.726	89.554	28.551	61.003

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2017.

7.2.4. Contrato para a formación e a aprendizaxe

Ten por obxecto a cualificación profesional das persoas traballadoras nun réxime de alternancia de actividade laboral retribuída na empresa con actividade formativa recibida no marco do sistema de formación profesional para o emprego ou do sistema educativo (art.11.2 ET, Lei 3/2012 e RD 1529/2012).

Os requisitos das persoas susceptibles de ser contratadas nesta modalidade son:

Ser maior de 16 anos e non ter cumprido os 25 (poderán celebrarse con menores de trinta anos ata que a taxa de desemprego se sitúe por debaixo do 15%). O límite de idade non será de aplicación cando se trate de persoas con discapacidade e nos supostos de contratos celebrados con persoas participantes en proxectos de emprego e formación, nin cando se concerte con colectivos en situación de exclusión social.

Non ter a titulación requirida para o contrato en prácticas nese posto ou oficio (art.11.2 a ET e art. 6 RD 488/1998)


Cadro 7.15

Contratos de formación. Por sexos, idade e provincias. Galicia. 2016

	Homes					Mulleres					Total
	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	
A Coruña	295	128	42	27	93	289	195	60	38	68	1.235
Lugo	89	57	41	18	83	84	71	25	9	32	509
Ourense	129	59	17	22	79	108	82	20	17	72	605
Pontevedra	247	146	48	20	51	269	217	85	42	76	1.201
Galicia	760	390	148	87	306	750	565	190	106	248	3.550

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2016.

Distribución por grupos de idade en ambos sexos




Cadro 7.15 bis

Contratos de formación. Por sexos, idade e provincias. Galicia. 2017

	Homes					Mulleres					Total
	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	
A Coruña	199	128	24	15	59	293	182	44	30	75	1.049
Lugo	103	67	31	12	67	84	73	20	17	35	509
Ourense	104	81	9	13	71	98	96	28	20	55	575
Pontevedra	228	134	35	14	56	271	182	50	25	61	1.056
Galicia	634	410	99	54	253	746	533	142	92	226	3.189

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2017.

Distribución por grupos de idade en ambos sexos



O número de contratos de formación rexistrados en Galicia no 2017 foi de 3.189 (3.550 en 2016), representando un 0,32% dos contratos iniciais en 2017 e 0,39% en 2016 (0,23% e 0,24% en España).

Segundo a actividade económica foi utilizado maioritariamente no sector servizos con 3.010 e 3.323 contratos rexistrados en 2017 e 2016, respectivamente.

Se estudamos a variable sexo, apreciamos que en 2017 un 45,46% destes contratos se concertan con homes e un 54,54% con mulleres, deixando ver unha tendencia ao aumento desta contratación no grupo de mulleres respecto dos tres anos anteriores. Estudando conxuntamente as variables de idade e sexo apréciase que no caso dos homes o 43,72% dos contratos se concertan con menores de 25 anos e o 28,27% no tramo de 25-29 anos. No colectivo das mulleres as porcentaxes son dun 42,90% nas menores de 25 anos e o 30,64% no tramo de 25-29 anos.

Só un 4,48% en 2017 e un 1,35% en 2016 se celebran por un período entre 12 e 24 meses, e un 95,48% en 2017 e un 96,56% en 2016 por un tempo igual ou inferior a 12 meses.


Cadro 7.16

Contratos de formación por duración e provincias. Galicia. 2016

	Duración en meses					Total
	<= 6	> 6 a <= 12	> 12 a <= 18	> 18 a <= 24	>24	
A Coruña	648	547	38	0	2	1.235
Lugo	374	131	3	1	0	509
Ourense	384	191	30	0	0	605
Pontevedra	616	537	46	2	0	1.201
Galicia	2.022	1.406	117	3	2	3.550

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2016.

Tempo de duración dos contratos




Cadro 7.16 bis

Contratos de formación por duración e provincias. Galicia. 2017

	Duración en meses					Total
	<= 6	> 6 a <= 12	> 12 a <= 18	> 18 a <= 24	>24	
A Coruña	168	821	58	2	0	1.049
Lugo	72	431	6	0	0	509
Ourense	79	472	21	2	1	575
Pontevedra	147	855	53	1	0	1.056
Galicia	466	2.579	138	5	1	3.189

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2017.

Tempo de duración dos contratos



7.2.5. Contrato en prácticas

Este contrato ten como finalidade a obtención de práctica profesional, a xornada completa ou parcial, axeitada ao nivel de estudos das persoas con titulación universitaria ou de formación profesional de grao medio ou superior, ou títulos recoñecidos oficialmente como equivalentes que habiliten para o exercicio profesional (art.11 ET e 1.1 RD 488/1998, Lei 35/2010 e Lei 3/2012).

O traballador ou traballadora debe posuír algunha das titulacións seguintes:

- Licenciado/a universitario/a, enxeñeiro/a ou arquitecto/a
- Diplomado/a universitario/a, enxeñeiro/a ou arquitecto/a técnico
- Técnico/a ou técnico/a superior da formación profesional regrada da formación profesional específica, sendo equivalentes os anteriores técnico/a auxiliar (FP1) e técnico/a especialista (FP2)
- Outras titulacións oficialmente recoñecidas equivalentes ás anteriores.

Este tipo de contrato alcanzou en 2017 os 6.029 concertos e en 2016 os 6.134 (576 mais que o ano anterior) o que representa un 0,61% en 2017 e o 0,64% en 2016 dos contratos iniciais (0,50% en España).

Segundo a actividade económica foi utilizado no sector da agricultura en 21 ocasións en 2016 e 276 en 2017, na industria un 0,62% e un 69% en 2016 e 2017, respectivamente, na construción un 0,85% e un 0,89% e no sector servizos un 0,67% e un 0,61%.


Tendo en conta o factor sexo, concertouse cun 49,60% de homes e cun 50,40% de mulleres en 2016 e cun 50,85% de homes e cun 49,15% de mulleres en 2017. É un dos poucos contratos, xunto a formación e interinidade, onde o número de concertos é practicamente parello en mulleres e en homes, e tendo en conta a incorporación masiva da muller á educación de grao medio e superior, e que é precisamente este colectivo o que en maior medida finaliza os estudos iniciados, parece ser esta a causa da maior presenza feminina.

Cadro 7.17

Contratos en prácticas. Por sexos, idade e provincias. Galicia. 2016

	Homes					Mulleres					Total
	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	
A Coruña	634	528	155	13	15	600	557	161	30	23	2.716
Lugo	175	93	22	1	4	141	136	24	1	2	599
Ourense	122	99	16	2	3	123	85	17	2	0	469
Pontevedra	546	465	150	18	12	484	514	123	19	19	2.350
Galicia	1.477	1.185	343	34	34	1.348	1.292	325	52	44	6.134

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2016.




Cadro 7.17 bis

Contratos en prácticas. Por sexos, idade e provincias. Galicia. 2017

	Homes					Mulleres					Total
	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	
A Coruña	641	480	159	13	7	570	554	150	27	20	2.621
Lugo	172	78	21	2	6	140	123	18	4	3	567
